



## **MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE FERROL EN COMÚN EN APOIO AOS TRABALLADORES E TRABALLADORAS DE LIDL**

O Grupo Municipal Ferrol en Común, ao abeiro do disposto nos artigos 104 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, presenta no Pleno da Corporación Municipal a moción en apoio aos traballadores e traballadoras de LIDL.

### **Exposición de motivos**

A empresa Lidl Supermercados ten no Polígono Río do Pozo en Narón un almacén loxístico dende o cal distribúe non só as tendas de Ferrolterra, senón tamén a toda Galicia, Asturias e parte de Castilla e León, cunha plantilla de 150 traballadores e traballadoras, todas veciñas da comarca de Ferrolterra.

Dende o 14 de febreiro, practicamente o 100% do persoal atópanse en folga indefinida por incumprimento do convenio, sobrecarga de traballo e realización de horas extraordinarias por riba das 80 horas extras anuais permitidas, razóns polas que demandan máis persoal e mellores condicións laborais.

En todo este tempo a empresa está a alongar o conflito, pois non está aberta a negociación e nin se queira a escoitar as demandas dos traballadores/as, situación na que é moi difícil achegar posturas e chegar a acordos sendo a única opción para a clase traballadora, a folga.

Sen embargo, durante todo este tempo o que sí fixo a empresa é boicotear este dereito a folga enviando a empregados/as doutros centros a realizar o traballo dos folguistas. Por este motivo, pola vulneración do dereito fundamental de folga, presentouse unha demanda e estaba fixado o xuízo para o pasado 21 de marzo e que finalmente terá lugar o martes 28 de marzo.

Ferrol en Común xa amosou o seu apoio a todos os traballadores e traballadoras do centro loxístico de LIDL e agora damos un paso máis presentando esta moción na que solicitar o apoio de toda a corporación, pois trátase dun conflito laboral que está a afectar a parte da veciñanza da cidade e da comarca e estase a prolongar demasiado no tempo a causa da negativa da empresa a negociar e escoitar aos traballadores e traballadoras.

Polo anteriormente exposto, o grupo municipal Ferrol en Común somete a votación a presente moción e os seguintes acordos:

1. Apoio de toda a corporación aos traballadores e traballadoras do centro loxístico de LIDL no Río do Pozo, polo conflito laboral que están a vivir a causa da negativa da empresa a negociar.
2. Instar á Xunta de Galicia a exercer as súas competencias coma autoridade laboral e mediar e intervir no conflito mediante as ferramentas que ten a súa disposición.

Ferrol, 24 de marzo de 2023

Jorge Suárez Fernández

Voceiro do GM Ferrol en Común